

O Monte do Faro no Camiño de Inverno

En 1999 a Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra crea o roteiro do Camiño de Inverno, onde a súa 6ª etapa é a de Chantada-Rodeiro cun total de 26 km. Ao pasar pola calzada romana dos cóbados de Belesar chégase á vila de Chantada, onde destaca o centro histórico con soportais e o Casarón de Lemos do século XVI.



Tras deixar a aldea de Pensasillás iníciase o ascenso cara á Ermida da nosa Señora do Faro que coa súa altitude de 1.181 metros é o único lugar de Galicia onde poderemos ver as catro provincias galegas. Un monte de lenda con moitas historias ocultas...



Monte de inspiración

A súa máxica contorna serviu de tradición literaria para que o trobador Xohán de Requeixo escribise no século XIII cinco cantigas de amigo dedicadas á romaría, que actualmente se celebra o 8 de setembro en honra á Virxe do Faro e algúns devotos realizan ese día o Vía Crucis de xeonllos. Outra das publicacións máis antigas é os titulado Gozos á nosa Señora do Faro de 1774, de autor descoñecido.

Un milagre popular

En 1897 reuníronse ao pé do santuario máis de 10.000 persoas. Sobre as dez e media da mañá ocorreu un incidente que desconcertou ao xentío: un raparigo duns 15 anos que montaba un mulo caeu do animal con tan mala sorte que quedou coado no estribo, sendo arrastrado durante uns catro minutos pola cabalería que cos berros e queixumes do público austábase máis. Detida esta e recoñecido o mozo, atopouse que estaba san e salvo, atribuíndo todos os que o presenciaron o feito a un milagre da virxe do Faro que todos invocaron.

